



Como ben sabedes, os funcionarios e funcionarias de carreira e o funcionariado en prácticas están adscritos a un réxime especial de Seguridade Social, a Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE). Entre as particularidades de MUFACE está a posibilidade de elixir entre as prestacións médicas do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) no noso país ou dunha serie de entidades médicas concertadas.

Durante todo o mes de xaneiro ábrese o período ordinario do ano no cal é posible solicitar o cambio de entidade sanitaria, facendo posible o cambio dende as empresas privadas con convenio ao SERGAS. Podedes obter toda información sobre o procedemento de cambio na páxina web de MUFACE.

Desde o STEG, sindicato profundamente comprometido coa defensa non só do ensino público máis tamén dos servizos públicos en xeral, animamos as nosas afiliadas e afiliados así como ao conxunto do profesorado galego a que neste período de cambio de entidade sanitaria durante o mes de xaneiro elixan a opción da sanidade pública.

Por coherencia, por calidade e porque é necesario frear a privatización da sanidade.

En xaneiro, #@PásateáPública!

PASOS A SEGUIR PARA O CAMBIO DE ENTIDADE SANITARIA

1. Cambio Ordinario:

Durante o mes de xaneiro a persoa titular ou con Documento asimilado ao de Afiliación, con adscrición aos Servizos Públicos de Saúde ou ás Entidades de Seguro de Asistencia Sanitaria, poden solicitar o cambio de Entidade, por unha soa vez en cada período ordinario de cambio. Só se admitirá unha solicitude de cambio en cada período ordinario. Se non se formula solicitude de cambio ordinario manterase a adscrición á mesma Entidade que ao 31 de decembro de cada ano. Debes ter en conta a indicación que aparece no apartado relativo ás canles para a presentación de solicitudes.

Procedemento de cambio de Entidade:

Mediante este procedemento pódense efectuar cambios ordinarios entre Entidades de Seguro Privado de Asistencia Sanitaria, así como cambios de entidade privada a Sistema Público de Saúde ou viceversa. A solicitude de cambio de entidade, deberá realizarse ben pola sede electrónica, ben descargando o impreso que se inclúe nesta páxina e enviándoo por correo postal, ou acudindo a outros rexistros. A afluencia ás oficinas de MUFACE está restrinxida a cuestións inaprazables que non admiten outra canle. Se non podes utilizar a sede ou enviar o impreso por correo postal ou presentalo noutros rexistros, [debe solicitar cita previa](#).

Podes realizar este trámite:

- * A través da [Sede Electrónica](#) de Muface, sen necesidade de acudir ás oficinas de MUFACE, utilizando os medios de acceso proporcionados pola plataforma Cl@ve (certificado dixital, DNI electrónico, Cl@ve Permanente ou Cl@ve PIN). Se desexas rexistrarte en Cl@ve, entra [aquí](#).
- * Enviando o impreso por correo postal á túa oficina de MUFACE, buscando o seu enderezo en [Nuestras Oficinas](#)
- * Tamén podes rexistrar a túa solicitude, en calquera dos rexistros previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o que inclúe [el REC](#).

[Modelo de Solicitud Cambio de Entidad](#)